

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 13 DE OUTUBRO DE 2009

### LICENZAS

#### FAVORABLES.-

**Lic/1504/2009.- Cogami Reciclaxe de Galicia, S. L.-** Legalización da ampliación executada na segunda planta da nave destinada a oficinas levada a cabo nas parcelas 122, 123, 124 e 125 do Sector 1º do SUNP-37 de Costa Vella.

**Lic/815/2008.- Laureano Leborán Varela.-** Edificio composto de pranta baixa, dúas prantas de piso e baixo cuberta para 4 vivendas na rúa das Cancelas.

**Lic/585/2006.- Eduardo Porto Parga.-** Nave na parcela B-47 do SUN-34 do polígono de Boisaca.

**Lic/1351/2008.- Manuel Raña Vilaseco.-** Vivenda unifamiliar en Santa Catalina – Sigüeiro.

**Lic/2331/2008.- Alberto Iglesias Deus.-** Vivenda unifamiliar no lugar de O Bargo, A Peregrina.

#### DENEGADAS.-

**Lic/859/2008.- Promociones Blanco Barreiro, S. L.-** Parcelación urbanística e construción de 12 vivendas unifamiliares illadas no lugar de Sarela de Abaixo.

#### PRÓRROGAS.-

**Lic/1806/2009.- Isaac e Hijos, S. L.-** Nave industrial en Vía Arquímedes nº 51.

#### CAMBIOS DE TITULARIDADE.-

**Lic/1943/2009.- Mosbrey S. L. e D. Manuel López Dopazo.-** Vivenda unifamiliar na parcela 3079-961-3, sita no Agro do Seixo, Aríns; cambio de titularidade a prol de D. Manuel López Dopazo.

**Lic/1944/2009.- Mosbrey S. L. e D. Manuel López Dopazo.-** Vivenda unifamiliar na parcela 3079-961-4, sita no Agro do Seixo, Aríns; cambio de titularidade a prol de D. Manuel López Dopazo.

**Lic/1942/2009.- Mosbrey S. L. e D. Manuel López Dopazo.-** Vivenda unifamiliar na parcela 3079-961-2 sita no Agro do Seixo, Aríns; cambio de titularidade a prol de D. Manuel López Dopazo.

#### INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE DECLARACIÓN DE CADUCIDADE.-

**Lic/942/1993.- Carmen Alvite Lago.-** Vivenda unifamiliar no Monte de Queiroal, Santa María da Peregrina.

#### SUBSANACION DE ACORDO.-

**Lic/71/2009.- Manuel Salvado Vázquez.-** Parcelación urbanística da parcela resultante da agrupación das parcelas sitas no lugar de Bando de Abaixo.

**Lic/480/2003.- Carmen Miguez Cajade.-** Segregación e agrupación das parcelas 276-C e 277 do Plano Xeral de Concentración Parcelaria de Santa María de Peregrina.

#### DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

**1902/09.- Promociones Falcón Acha, S. L.-** ..... Garantía das obras de urbanización da Unidade de Actuación delimitada na rúa das Flores ..... 221.905,33 €.-

**1920/09.- Juan José Martínez Bello.-** ..... Expte. Lic/1598/2003 ..... 3.250 €.-

**1919/09.- María Teresa Fernández Mosquera.-** ..... Expte. Lic/48/2005 ..... 3.000 €.-

**1867/09.- Carlos Alberto Otero Pombo.-** ..... Expte. Lic/1340/01 ..... 352.000 €.-

#### APERTURAS.-

**Lap/166/2008.- Guardian Glass Express.-** Apertura de taller de reparación e substitución de lunas de automóviles na Avda. de Lugo, 227. Informar favorablemente a actividade e remitir á Consellería de Medio Ambiente.

**Lap/46/2008.- Manuel Balado Freiría.-** Apertura de café-bar na rúa Severino Riveiro Tomé nº 8 - Baixo. Informar favorablemente e remitir á Consellería de Medio Ambiente e a de Xustiza.

### OCIHR

#### LICENZAS.-

**LIC/2081/2008.- D. JOSÉ RUMBO NOYA.-** Demolición, limpeza e consolidación estrutural do edificio sito na rúa dos Xazmíns, 19

**CAMBIO DE TITULARIDADE**

**LIC/1935/2009.-** Cambio de titularidade solicitado por COMEPRECIOS S.L da licenza concedida a D. Ricardo Francos Calvo para rúa das Hortas, 76

**DEVOLUCIÓN DE FIANZA**

**LIC/1818/2009.-** Devolución da fianza depositada por D.Alfonso Iglesias Varela, en garantía da licenza de renovación da cuberta en rúa Ponte de Sar nº 1 (LIC/2052/2006). O importe da fianza é de 1.500 €

**5.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.**

Apróbase unha axuda para os meses de setembro a decembro por importe de 1248 euros.

**6.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación do Casco Histórico relativa á aprobación da memoria-programa de actuacións de rehabilitación e reurbanización do Casco Histórico, Vista Alegre e Pontepedriña.**

Apróbase a devandita memoria.

**7.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á reclamación de devolución de intereses ao Xurado Provincial de Expropiación no proxecto de expropiación para a ampliación do Campus Universitario.**

Acórdase requerir ao Xurado de Expropiación Forzosa de Galicia o reintegro ao Concello da cantidade de 36.118,57 euros.

**8.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á aprobación de obrigas procedentes de exercicios anteriores.**

Apróbase o recoñecemento e liquidación das obrigas de pago en contía de 206.814,12 euros.

**9.- Proposta do concelleiro delegado de Transportes e Mobilidade relativa á elaboración dun Plan de mobilidade urbana sostible e á creación dun grupo de traballo para elaborar o prego de condicións.**

Acórdase a elaboración dun plan de mobilidade urbana sostible (PMUS) para o que se considera oportuno, como paso previo á determinación dos seus concretos obxectivos, a creación dun grupo de traballo para a elaboración do prego de condicións. O grupo estará formado polo xerente de Tussa, a xefa do servizo de Contratación, o inspector de Servizos, o xefe da Policía Local e estará presidido polo concelleiro de Transportes e Mobilidade.

**10.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á adxudicación do uso de diversas parcelas das hortas urbanas de Belvís.**

Adxudícanse tres parcelas en Belvís.

**11.- Proposta do concelleiro delegado de Comercio relativa á aprobación da liquidación da acción "Asistencia ao foro do comercio urbano ÁGORA 2009" e á liberación dun crédito.**

Apróbase a liquidación da devandita acción cun resultado de 372,40 euros.

**12.- Proposta da concelleira delegada do Casco Histórico e Rehabilitación relativa á contratación da redacción do proxecto de execución do programa de divulgación e formación sobre o coñecemento histórico da cidade de Santiago.**

Acórdase a contratación de María del Mar Bóveda López por importe de 14.220 euros máis IVE e un prazo total de execución de 15 días.

**13.- Proposta do concelleiro delegado de Mercados relativa á aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello e MERCADO DE ABASTOS SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA para a subvención de publicidade do Nadal do recinto.**

Apróbase o convenio para a subvención de publicidade do Nadal no Mercado de Abastos por importe de 15.000 euros.

**14.- Proposta da concelleira delegada de Cultura e Centros Socioculturais relativa á aprobación do Convenio entre o Concello e o curso universitario internacional "MÚSICA EN COMPOSTELA".**

Apróbase o convenio de colaboración co Curso Universitario Internacional "Música en Compostela" por importe de 7.500 euros.

**15.- Proposta da concelleira delegada de Servizos relativa á aprobación da campaña de comunicación sobre o uso adecuado do contedor amarelo e as Bases do sorteo de premios asociado á campaña.**

Apróbase a campaña de comunicación sobre o uso adecuado do contedor amarelo xunto coas bases do sorteo de premios asociados á campaña por importe de 9.973,65 euros.

**16.- Adxudicación definitiva das obras de saneamento da conca do río Aríns. Colectores secundarios 2ª fase.**

Adxudícase definitivamente o contrato de referencia á empresa MISTURAS, SA, por importe de 415.142 euros (IVE aparte a soportar pola Administración).

**17.- Adxudicación provisional das obras de reurbanización dos contornos urbanos de acceso á cidade. Avenida de Castelao.**

Adxudícanse provisionalmente as obras á empresa Jesús Martínez Álvarez, SA por un importe de 2.000.000 euros (IVE a parte a soportar pola Administración) e un prazo de execución de 8 meses.

**18.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á imposición de sanción a un funcionario municipal.**

Acórdase sancionar a un funcionario municipal.

**19.- Dar conta de corrección de erros no texto do Convenio de colaboración entre a Concellería de Centros Socioculturais e o Consorcio da Cidade de Santiago para accións de fomento e difusión de cultura durante 2009.**

Dáse conta dos erros.

**20.- Dar conta da sinatura do Convenio de cooperación entre o Concello e a Consellería de Sanidade para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias 2009/2010.**

Dáse conta da sinatura do devandito convenio por importe de 126.480 euros dos que 24.480 euros son aportados polo Concello e 102.000 pola Consellería de Sanidade.

**21.- Dar conta da resolución da convocatoria de subvención a proxectos ou accións de investigación-acción que teñan relación co esforzo global anti-VIH/sida en Galicia para 2009.**

Dáse conta da subvención concedida para varios programas por importe de 3.310,75 euros.

## **URXENCIAS**

**1.- Proposta da Alcaldía relativa á aprobación do Convenio entre o Concello e a Cofradía de La Vera Cruz 2009.**

Apróbase o convenio por importe de 1.418,90 euros.

**2.- Contratación da dirección de execución das obras de reurbanización da Calzada de San Pedro e Calzada de Santo Antonio, e coordinación de seguridade e saúde.**

Apróbase a contratación de Luis Fole Barrio para a dirección de execución de obra (aparellador) e coordinación de seguridade e saúde das obras de reurbanización das rúas Calzada de San Pedro e Calzada de Santo Antonio por un importe de 12.427,64 euros IVE incluído.

**3.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación das Bases e convocatoria da IX edición dos premios 25 de novembro. Concurso “Educando na convivencia en igualdade: a miña visión sobre a violencia de xénero”.**

Apróbanse as bases, a convocatoria e un orzamento de 1.800 euros.

**4.- Dar conta da concesión de subvencións da área de traballo do departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar para a contratación de traballadores desempregados.**

Dáse conta da subvención por importe de 226.405,14 euros para a contratación dun total de 20 traballadores para os departamentos de Promoción Económica, Cultura, Deportes, Benestar Social, Participación Cidadá e Casco Histórico.

**5.- Proposta do concelleiro de Deportes relativa á resolución da convocatoria de subvencións de escolas deportivas 2009. (1ª fase).**

Apróbase a concesión de subvencións a 8 entidades por un valor total de 12.401,18 euros.

**6.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa a deixar sin efecto a adxudicación provisional das obras de reforma interior para a recuperación da escola infantil do parque do Hórreo (Tras Parlamento).**

Acórdase deixar sem efecto a adxudicación provisional do contrato de referencia e que se devolva o expediente á mesa de contratación para que polos técnicos municipais se leve a cabo unha nova valoración das ofertas presentadas no que respecta ao apartado da valoración obxectiva da redución do prazo de execución proposto.

**7.-Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á prorroga do contrato de explotación do servizo da axuda no fogar no municipio.**

Acórdase prorrogar por tres meses o contrato de referencia a contar desde o 17 de outubro ata o 16 de xaneiro por importe de 100.000 euros.

**8.- Adxudicación definitiva das obras incluídas no proxecto básico e executivo de reforma interior das dependencias da policía local.**

Adxudícase definitivamente o contrato de referencia á empresa JOSCON CONTRUCCIONES SL, por importe de 129.150 euros máis IVE (a soportar pola Administración).

**9. Adxudicación provisional das obras de reurbanización do espazo público da Calzada de Santo Antonio.**

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa EXTRACO, SA, por importe de 151.838,66 euros (máis IVE a soportar pola Administración).